

PROGRAMA nAmorAndo 14-15. Secundaria


RESULTADOS

ÍNDICE

1. Datos iniciais	3
2. Mitos sobre o amor romántico	8
3. Violencia psicolóxica	12
4. E se o contamos ao mundo?	18

1. DATOS INICIAIS

O programa nAmorAndo foi desenvolto ao longo de 7 semanas consecutivas nun total de 12 aulas (6 do IES Sánchez Cantón, 2 do IES Xunqueira 1 e 4 do IES Xunqueira 2). Fixéronse 10 intervencións semanais e participaron 211 alumnos e alumnas.




Traballáronse dous aspectos fundamentais: as crenzas erróneas con respecto ao amor e ás relacións de parella e a identificación de relación baseadas na desigualdade e en comportamentos violentos..

Pasóuseltes unha enquisa de valoración inicial previa e post intervención, baseadas en estudos de Ellis (1960,1962,1976,1981,1982,1986,1986), Rodríguez , Sánchez y Alonso (2006) y Cantera, Estébanez y Vázquez (2009) dende as que obtivemos os resultados que sinalamos a continuación.

Foron 142 alumnos e alumnas (34% do IES Sánchez Cantón, 17% do IES A Xunqueira 2, 16 % do IES A Xunqueira 1), xs que participaron na avaliación previa, quedando o 33% restante sen responder a enquisa.

Porcentaxe de participación por IES


■ Sánchez Cantón ■ Xunqueira 1 ■ Xunqueira 2 ■ Non contestan



Unha vez concluída a intervención, participaron 83 alumnos e alumnas na valoración final (22% do IES A Xunqueira 1, 18% do IES Sánchez Cantón e 18% do IES A Xunqueira 1), quedando un 42% sen participar na avaliación.

Porcentaxe de participación por IES post


■ A Xunqueira 1 ■ A xunqueira 2 ■ Sánchez Cantón ■ Non contestan



51% das persoas enquisadas foron mulleres e o 49% homes, sendo a participación masculina máis elevada tras a intervención, cun 61% de homes e un 39% de mulleres.


Distribución por sexo

■ Mulleres ■ Homes




Distribución por sexo post

■ Mulleres ■ Homes




O alumnado foi na súa maioría procedente de familias cuxos país e nais estaban casadxs (79%), pertencendo o 16% a familias de país e nais divorciadxs e un 5% de país e nais solteirxs. A proporción foi similar o dxs que participaron na avaliación posterior.

Estado civil das/os proxenitores/as




Estado civil dos/as proxenitores/as post




Dos participantes, o 52% sinalan non ter parella no momento actual, aínda que si a tiveron, un 25% nunca tivo parella e un 23% sí teñen neste momento, sendo a proporción similar dxs que contestaron a enquisa ó finalizar a intervención.

Se tiveron parella, teñen ou non tiveron



Se tiveron parella, teñen ou non tiveron post

■ Non teño parella, nin tiven ■ Non teño parella, pero tiven ■ Teño agora




2. MITOS SOBRE O AMOR ROMÁNTICO


2.1. Datos xerais

Aqueles máis destacados por ter unha porcentaxe máis elevada de respostas verdadeiras son os seguintes, sinalando tamén a puntuación que se obtivo tras a intervención.

- Debo ser o compañeiro ideal (61,3% - fronte ó 48,2% tras a intervención)
- Decepcionar ó outro/a sería horrible e perdería validez persoal (52,4% - fronte ó 37,3% tras a intervención)
- Outro/a vaime a proporcionar a felicidade ou satisfacción que necesito (49,3% fronte ó 36,1% tras a intervención)
- As relacións sexuais teñen que ser plenas e felices (67,6% fronte ó 57,8 % tras a intervención)
- Os homes e as mulleres son diferentes en canto ás necesidades que esperan que a súa parella pode cubrir (52,8% fronte ó 43,4 % tras a intervención)
- Contarnos todo e sincerarnos é necesario para que a relación funcione (69% fronte ó 55,4% tras a intervención)
- Un home debe coidar e protexer a súa muller (57% fronte ó 39,8 % tras a intervención)




Mitos sobre o amor romántico post




2.2 Mitos sobre o amor romántico na distribución de homes e mulleres

Atopamos diferenzas significativas entre rapazas e rapaces, nos seguintes mitos, sendo os rapaces os que máis mitos demostran ter en todos os casos. Así, mostramos a continuación o % das respostas verdadeiras en cada caso.

Mitos do amor romántico por sexo



Estas diferenzas desaparecen tras a intervención realizada, quedando únicamente unha diferenza significativa entre rapazas e rapaces, na idea de “Meus intereses e necesidades deben xirar o redor da miña parella e/o as súas o redor da miña persoa” no que un 15,7% dos homes segue pensando que é así, fronte a un 0% das mulleres.



2.3. Mitos do amor romántico segundo houberan tido parella, teñan ou non tiveran nunca.

Atópanse diferenzas significativas en catro mitos, sendo xeralmente os que teñen parella actualmente ou os que xa tiveron os que solen ter máis mitos, así pasa nas cuestións seguintes:


- As relación sexuais teñen que ser plenas e felices
- Un home debe coidar e protexer a súa muller

Destacando con máis puntuación xs que neste momento teñen parella en creencias como:

- Cx outrx serei tan feliz que poderei abandonar outros interese ou outras relación
- Se estás namoradx non pode gostarte nin sentirte atraído por outras persoas.

Ó rematar a intervención desaparecen estas diferenzas atopadas anteriormente.

Mitos sobre o amor romántico por se teñen ou non parella




Nos resultados post non se atopan diferenzas significativas en función de se teñen, tiveron ou non teñen parella

3. VIOLENCIA PSICOLÓXICA

Valoraron comportamentos en función de si os consideraban violentos ou non facendo unha valoración de gravidade de 1 a 5.


Así atopamos que ás valoracións mais baixas dos que sí consideraban violencia foron de 3,1 (gravidade media), e destacan os seguintes:

- Últimamente preséntase sen avisar nos lugares que frecuentas (3,1)
- Decide pola súa conta, sen consultarte nin pedirche opinión (3,2)
- Díceche con quen debe saír e con que non (3,3)
- Faite máis de 10 chamadas perdidas e whatsapp ó día (3,3)




Estes datos non variaron tras a intervención practicamente, sendo substituído como menos violento (sempre tendo en conta que o sinalan cun grado medio de gravidade) o comportamento de “Díceche con quen debes saír e con que non” por “Pónse celoso se te chaman polo teléfono”.

Comportamentos valorados como menos violentos, cunha puntuación de Gravidade Media-post




Os comportamentos sinalados como máis violentos cunha puntuación de grave a moi grave foron:

- Ameázache con facerte algo se non volves con él/ela (4,5)
- Búrlase de ti e che di cousas que che fan dano (4,5)
- Non quere que vexas ás/ós teus amigxs (4,4)
- Critica o teu aspecto, formas de vestir ou pensar (4,4)



Tras a intervención non hai diferenzas practicamente, seguen valorando os mesmos ítems, sendo substituído como comportamento máis violento “Critica o teu aspecto, formas de vestir ou pensar” por “Ameázache con deixarte cando non fas o que ela/él quere”




3.1 Violencia psicolóxica na distribución de homes e mulleres


Atopamos diferenzas significativas entre rapaces e rapazas, sendo os rapaces os que menos detectan a violencia psicolóxica. Deste xeito os comportamentos que destacan son os seguintes

- Díceche con que debes saír e con quen non, un 17,8% de mullers non o considera un comportamento violento fronte ó 37,7% dos homes
- Díceche que cambies a túa forma de vestir, peinarte ou maquillarte, un 19,2 % das mullers non o considera un comportamento violento fronte ó 39,1% dos homes
- Vixía as túas chamadas, mensaxes do móbil ou do correo electrónico, un 9,6% das mulleres non o considera un comportamento violento fronte ó 23,2% dos homes
- Acúsate de anticuadx, pon en dúbida teus sentimentos ou te critica se non queres manter relacións sexuais con él/ela, un 16,4% das mulleres non o considera un comportamento violento fronte ó 36,2% dos homes
- Non se responsabiliza ou non se preocupa polo método anticonceptivo, un 17,8 das mujlleres non o considera comportamento violento fronte ó 42% dos homes
- Decide pola súa conta sen consultarte nin pedirche opinión, un 26% das mullers non o considera comportamento violento fronte ó 53,6% dos homes
- Púsoche trampas para saber ata que punto lle/a queres, un 28,8% das mulleres fronte ó 49,3% dos homes
- Búrlase ou fala mal das mulleres/homes en xeral, 15,1% das mulleres fronte ó 31,9% dos homes
- Impón as regras da relación (os días en que saídes, os horarios, os tipos de saídas...), un 12,3% das mulleres fronte ó 27,5% dos homes
- Fai cousas que sabe que te avergoñan, un 13,7% das mullers fronte ó 30,4% dos homes

- Repite promesas de cambio para conseguir que volvas con él/ela, un 19,2% das mullers fronte ó 42% das homes




Estas diferenzas desaparecen coa intervención, quedando a única significativa no ítem “Búrlese dos homes/mulleres en xeral”, no que un 12,5% das mulleres non o valora como violento fronte un 35,3% dos homes que tampouco o valoran de xeito violento



3.2. Violencia psicolóxica por se teñen parella, non teñen ou tiveron.

A única diferenza significativa que atopamos é no ítem: “Decide pola súa conta sen consultarte nin pedirche opinión”, onde vemos cómo xs que teñen parella agora identifican menos este comportamento como violento que xs que sí tiveron, e istos menos que @s que nunca tiveron parella, sendo a proporción a seguinte:


- 16,7% dos que nunca tiveron parella pensan que non é un comportamento violento o sinalado anteriormente, fronte ó 44,6% dos que sí tiveron nalgún momento aínda que agora non teñan e ó 53,1% dos que que sí teñen no momento actual.



Trala intervención vemos que non existe ningunha diferenza significativa, neste ámbito.

Nos resultados post non se atopan diferenzas significativas en función de se teñen, tiveron ou non teñen parella

Violencia psicolóxica por "se teñen ou non parella" (Non datos significativos)



4. E SE O CONTAMOS AO MUNDO?

Nestes enlaces aparecen as mensaxes dos adolescentes que dan resumo o traballo de intervención durante o programa.

[nAmorAndo Secundaria versión curta](#)

[nAmorando Secundaria versión larga](#)

